



CONVENIO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS ENTRE O CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES E A ENTIDADE FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA.

Expte.- 1108/2023

O presente convenio formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinado polas partes mediante firma electrónica ao amparo do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

INTERVEÑEN

Don Anibal Pereira Novoa, con DNI ***7755**, en nome e representación do Consello Municipal de Deportes, con domicilio en Pardo Cela, 2,32003 de Ourense e CIF: P 82.600.01 F, actuando como Presidente do CMD, no exercicio das atribucións que lle confiren as competencias delegadas en materia de deportes, segundo delegación de competencias mediante Decreto de Alcaldía nº2023006277 de 26/07/2023.

Don José Manuel Estévez Feijoo, con DNI n.º ***0151**, en nome e representación da FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, domiciliada na Rúa Carlos Maside, S/N, 32002 e C.I.F. G32023210, na súa calidade de Presidente e en virtude das facultades atribuídas nos estatutos da entidade.

A secretaria do Consello Municipal de Deportes Dña. Silvia Alonso Fernández, quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a firma do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición Adicional oitava da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, límitase a comprobar a identidade dos intervinientes a través da documentación que forma parte do expediente, así como a verificar a validez das firmas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos asinantes non foron revogados e que non houbo modificacións no documento. A verificación dos certificados realízase a través do xestor de expedientes Xestiona, a través do cal se realiza a sinatura electrónica do documento.

Ámbolos dous, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectivamente competencia e capacidade suficiente para formaliza-lo presente convenio de cooperación deportiva e uso das instalacións deportivas que se detallan no mesmo.

EXPOÑEN:

Primeiro.- O CMD, dentro do seu obxecto e para o cumprimento dos seus fins, asume a xestión das instalacións deportivo-recreativas de propiedade municipal e a xestión do posible uso doutras instalacións públicas ou privadas [art. 3, Estatutos do CMD].

Segundo.- *A Ordenanza Fiscal Reguladora de Prezos Públicos polo uso e prestación*



de servizos nas instalacións deportivas municipais contempla no artigo núm. 10 que o CONSELLO poderá concertar para o desenvolvemento de programas deportivos, convenios ou concertos con clubs, asociacións, federacións, entidades ou organismos que promocionen o deporte, coas contraprestacións que se especifiquen nos devanditos convenios ou concertos, para os efectos de que poidan beneficiarse dunha maior operatividade no seu funcionamento.

Terceiro: Que a entidade, FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, ten como obxectivo o desenvolvemento de eventos deportivos de ximnasia, promocionando esta actividade entre a cidadanía de Ourense, fomentando o deporte de base e participando e organizando competicións deste deporte así coma cursos de formación. Está habilitado para a sinatura de convenios de cooperación coas administracións para o desenvolvemento de actividades deportivas e ten obxectivos coincidentes cos obxectivos do CMD.

Cuarto: O Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense acordou na súa reunión do pasado día 04.01.2024 asinar un convenio de colaboración para o uso de instalacións deportivas coa entidade FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA.

Á vista do cal, ambas partes

ACORDAN :

Primeiro.- O CMD facilitará a reserva de instalacións deportivas a entidade FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, para a realización do seu programa formativo de ximnasia así coma para organización de eventos e competicións propias da súa actividade e organizadas pola propia federación dentro da tempada anual do 2024, de acordo coa distribución diaria e horarios asignados previa solicitude e definitivamente durante a tempada anual e aceptados pola entidade.

Competicións: Segundo solicitude e dispoñibilidade das instalacións.

Estas instalacións estarán condicionadas a disposición da posible celebración de eventos e competicións nas instalacións concedidas polo que, no caso de non poder adestrar se lles facilitará outra instalación si é posible. Tamén se lles facilitará as instalacións; para competicións oficiais previa petición a Xerencia do recinto deportivo e conforme os calendarios facilitados previamente segundo a dispoñibilidade de horarios e posibilidades das instalacións municipais.

Segundo: A entidade FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, terá que aboar polo uso das instalacións deportivas municipais concedidas, antes do remate da tempada anual de 2024, a cantidade que corresponda segundo a utilización que faga das mesmas, sendo este importe o 20% dos prezos establecidos para dita actividade, xustificándose o mesmo no sentido promocional deste deporte na nosa cidade, o colectivo o que vai destinado a actividade e a promoción do deporte de base.

Para actividades extraordinarias que precisen instalacións no que participen persoas non aboadas, (Probas, ampliación de horas, selección de deportistas, etc) a federación aboará o 20% dos prezos establecidos para dita actividade, xustificándose o mesmo no sentido promocional deste deporte na nosa cidade e o colectivo o que



vai destinado a actividade e a promoción do deporte de base.

No suposto de proceder a prórroga da súa vixencia contemplada na cláusula novena deste Convenio, a contraprestación incrementarase aplicando a proporcionalidade de referencia (20%) segundo o nivel de utilización.

Terceiro.- O réxime de utilización adaptarase ao disposto no *Regulamento de instalacións deportivas municipais* do CMD, en especial no establecido nos seus Títulos I, II, III e IV, e na normativa deportiva.

Cuarto.- A entidade FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, comprométese ó uso debido das instalacións e dos seus equipamentos, debendo comunicar ó Consello as incidencias que se produzan e respondendo dos desperfectos causados por calquera membro do club, polo propio club ou polas entidades que participen nas actividades. Nos horarios que permanezan nas instalacións deportivas deberán cumprir as instrucións do persoal responsable da instalación. A entidade velará pola limpeza e garda das instalacións obxecto de cesión, para adestramentos e partidos, tanto dos seus usuarios como de outras entidades que participen nas súas actividades. En aquelas instalacións dotadas con céspede artificial ou susceptibles de deterioro polo consumo de pipas ou outros elementos dañinos para a mesma está prohibida a súa venta e consumo.

As entidades que colaboran co control de instalacións co CMD terán especial coidado no control das chaves das diversas instalacións.

A entidade, FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, no momento da asinar este convenio da a súa conformidade a adecuación das instalacións para a práctica do seu deporte e acepta as normas de uso e acceso as mesmas.

Quinto.- O CMD resérvase o dereito de suspender o horario concedido para a autorización de actos, competicións ou situacións imprevistas, comunicando a suspensión coa máxima antelación posible e sen que proceda a revisión da contraprestación económica determinada neste convenio.

A entidade, FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, non poderá colocar publicidade de forma permanente nas instalacións deportivas municipais nin colocar ningunha máquina sen a aprobación previa do CMD. En caso de advertir esta anomalía o CMD procederá a retiralos con inmediatez, podendo ser obxecto de rescisión do convenio en caso de advertir novamente esta anomalía.

Sexto.- A entidade, FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, non poderá usar as instalacións especificadas no presente convenio para actos, actividades, eventos e partidos que non fosen previamente postos en coñecemento do CMD e autorizados polo mesmo. A entidade, correrá a cargo con todos os gastos de cánones establecidos por emisión visual ou musical, aboando os dereitos que correspondan a SGAE, AGEDI ou organismo correspondente.

A entidade comprométese ao cumprimento da Lei da Violencia no deporte, Lei



19/2007 de 11 de Xullo onde se recollen as obrigas e dispositivos de seguridade para a prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia en competicións deportivas, así como as responsabilidades e obrigacións de persoas organizadoras de competicións e espectáculos deportivos.

Sétimo.- A entidade, FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, comprométese a poñer a disposición do CMD as franxas horarias non dispostas e obrígase a non ceder a outras persoas, físicas ou xurídicas, os dereitos de uso establecidos neste convenio.

Oitavo.- A entidade, FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, colaborará naqueles actos organizados polo CMD, nos que sexa requirida e que sexan de similar natureza e finalidade. Así mesmo, incluírá na súa publicidade (carteis, trípticos, pancartas, etc.) o logotipo do CMD e da Concellaría de Deportes do Concello de Ourense.

Noveno.- A vixencia do presente convenio comprenderá as actividades oficiais de dito club da tempada anual do 2024 e rematará o 31/12/2024. No suposto de necesitar a súa prolongación solicitarase a prórroga establecida no art. 22.1 c) do *Regulamento de instalacións deportivas municipais*.

Décimo.- Corresponde ao CMD as prerrogativas de interpretar o convenio, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos destas.

Undécimo.- A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para a resolución de cantas controversias se podan suscitar na interpretación ou cumprimento do aquí convido polas partes dada a súa natureza administrativa.

E en proba da súa conformidade con todo canto antecede, asinan electrónicamente este documento.

O Presidente do CMD
secretaría do CMD

O/a Presidente/a da entidade

A

